

Outras revistas: 0,10 puntos.

-Libros ou capítulos de libros:

Capítulo de libro: 0,30 puntos.

Libro completo: 1 punto.

Non se poderán valorar máis de tres capítulos dun mesmo libro.

Deberá presentarse copia traducida por tradutor xurado daqueles títulos ou certificacións que estean redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español.

Respecto dos traballos científicos e de investigación redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español, non será necesario presentar copia traducida por tradutor xurado.

Polo que se refire aos traballos publicados en revistas, tan só será necesario presentar fotocopia compulsada das follas do traballo nas que conste o nome da revista, ou título do traballo, o seu autor e a data de publicación.

En relación cos capítulos de libros, será suficiente presentar fotocopia compulsada das follas en que conste o título do libro, o título do capítulo, o autor, o depósito legal do libro e/ou o ISBN e a data de publicación.

Para rematar, en relación cos libros será suficiente presentar fotocopia compulsada das follas nas que conste o título do libro, o sumario ou índice del, o seu autor, o seu depósito legal e/ou o ISBN e a data de publicación.

b) Por impartir docencia posgraduada na mesma especialidade a que se presente: 0,20 puntos por ano (ata un máximo de 1 punto).

c) Por cada premio de investigación outorgado por sociedades científicas a traballos publicados en revistas científicas en materias relacionadas coa especialidade á que se opta:

-Premio de ámbito internacional: 1 punto.

-Premio de ámbito nacional: 0,50 puntos.

-Premio de ámbito autonómico/local: 0,25 puntos.

d) Por cada participación en proxectos de investigación do Ministerio de Sanidade e Consumo ou dun servizo de saúde:

-Investigador principal: 1 punto.

-Investigador colaborador: 0,25 puntos.

e) Por pertencer a Redes de Investigación do Instituto de Saúde Carlos III:

-Por cada Rede Temática de Investigación: 0,30 puntos.

ANEXO V

-Parte común.

Tema 1. A Constitución española: Principios fundamentais, dereitos e deberes fundamentais dos/as

españóis/las. A protección da saúde na Constitución.

Tema 2. O Estatuto de autonomía de Galicia. Estrutura e contido. O Parlamento. A Xunta e o seu presidente. A Administración pública galega.

Tema 3. A Lei xeral de sanidade: fundamentos e características. Competencias das administracións públicas en relación coa saúde. Dereitos e deberes dos/as usuarios/as do sistema sanitario público.

Tema 4. O Estatuto Marco do Persoal Estatutario dos servizos de saúde. Clasificación do persoal estatutario. Dereitos e deberes. Adquisición e perda da condición de persoal estatutario fixo. Mobilidade do persoal. Xornada de traballo, permisos e licenzas. Situacións do persoal estatutario. Réxime disciplinario. Incompatibilidades. Representación, participación e negociación colectiva.

Tema 5. O persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde. Provisión e selección de prazas. Réxime retributivo. Xornada de traballo. Permisos e licenzas.

Tema 6. A Lei de saúde de Galicia. O sistema Sanitario de Galicia. Competencias sanitarias das administracións públicas de Galicia. O Servizo Galego de Saúde.

Tema 7. A Atención Primaria da Saúde: concepto e características xerais. A ordenación da Atención Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Órganos de dirección. Asistencia especializada: concepto e características xerais. A ordenación da atención especializada na Comunidade Autónoma de Galicia. Órganos de dirección.

Tema 8. Saúde laboral: concepto. Principais riscos nas institucións sanitarias e medidas de prevención. Principios básicos do Plan xeral de prevención de riscos laborais do Servizo Galego de Saúde.

-Parte específica.

A parte específica do programa de cada unha das especialidades que se convocan, coa excepción de cirurxía torácica, foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 103, do 30 de maio de 2007.

Parte específica da especialidade de cirurxía torácica:

Tema 1. Anatomía cirúrxica e fisiopatoloxía do tórax. Estudos de función pulmonar.

Tema 2. Avaliación preoperatoria do paciente subsidiario de cirurxía torácica.

Tema 3. Aspectos xerais da anestesia en cirurxía torácica. Fundamentos e técnicas de intubación orotraqueal e de ventilación mecánica. Circulación extracorpórea. Tratamento da dor perioperatorio.

Tema 4. Técnicas endoscópicas diagnósticas: broncoscopia, mediastinoscopia, mediastinotomía e toracoscopia.

Tema 5. Incisións torácicas.

Tema 6. Atención perioperatoria en cirurxía torácica. Coidados críticos do paciente.

Tema 7. Complicacións postoperatorias precoces e tardías: diagnóstico e manexo.

Tema 8. Estenose laringotraqueal. Traqueomalacia. Dano postintubación. Fístula traqueoesofáxica. Manexo de parálise corda vogal.

Tema 9. Tumores malignos traqueobronquiais.

Tema 10. Obstrución aguda da vía aérea. Traqueostomía. Traqueotomía e reseccións da vía aérea. Laserterapia e prótese traqueobronquiais.

Tema 11. Anormalidades conxénitas do pulmón. Bronquiectasias.

Tema 12. Infeccións pulmonares: bacterianas, micóticas e parasitarias. Micobacterias atípicas e tuberculosas. Cirurxía da tuberculose pulmonar.

Tema 13. Patoloxía intersticial pulmonar. Papel da biopsia pulmonar cirúrxica.

Tema 14. Enfisema pulmonar: cirurxía de redución de volume e novas técnicas cirúrxicas emerxentes. Cirurxía do enfisema bulloso.

Tema 15. Tratamento cirúrxico da hipertensión por embolismo pulmonar crónico. Hemoptisis masiva.

Tema 16. Tumores pulmonares benignos e tumores das glándulas bronquiais.

Tema 17. Cancro de pulmón: bioloxía, epidemioloxía e clínica.

Tema 18. Diagnóstico do cancro de pulmón: técnicas de detección precoz. Algoritmos de diagnóstico e estadificación actualizados. Vías clínicas de diagnóstico.

Tema 19. Disección ganglionar mediastínica.

Tema 20. Carcinoma broncoxénico de células non pequenas: estratexia terapéutica.

Tema 21. Carcinoma broncoxénico de células non pequenas: seguimento postoperatorio. Alternativas de tratamento a situacións inoperables e irreseccables.

Tema 22. Carcinoma de células pequenas.

Tema 23. Tumores primarios malignos raros de pulmón. Cirurxía de resección de metástases pulmonares.

Tema 24. Técnicas cirúrxicas: pneumonectomías, segmentectomías, reseccións atípicas, lobectomías, broncoplastias, reconstrucións da arteria pulmonar.

Tema 25. Tumores do sulcus superior: abordaxes cirúrxicas anterior e posterior.

Tema 26. Reseccións pulmonares estendidas.

Tema 27. Cirurxía minimamente invasiva: reseccións pulmonares vídeoasistidas e robótico-asistidas.

Tema 28. Transplante pulmonar: indicacións, técnica, seguimento e resultados.

Tema 29. Procedementos diagnósticos das enfermidades pleurais. Derramo pleural benigno e maligno. Manexo do derramo pleural maligno.

Tema 30. Empiema e fístula broncopleurale.

Tema 31. Pneumotórax e pneumomediastino espontáneos.

Tema 32. Quilotórax e cirurxía do conduto torácico.

Tema 33. Mesotelioma maligno e outros tumores pleurais.

Tema 34. Métodos de drenaxe do espazo pleural. Toracoscopia terapéutica. Toracoplastias. Fibrotorax e decorticación. Técnicas cirúrxicas do mesotelioma pleural maligno: pneumonectomía extrapleurale vs pleurectomía/decorticación.

Tema 35. Deformidades conxénitas da parede torácica. Cirurxía das deformidades do tórax e as súas complicacións.

Tema 36. Síndromes do opérculo torácico. Abordaxe supraclavicular. Resección transaxilar da primeira costela. Reintervención para síndrome de opérculo torácico recorrente: abordaxe con toracoplastia posterior e simpatectomía dorsal.

Tema 37. Tumores primarios da parede torácica.

Tema 38. Radionecroses e infeccións da parede torácica e do esterno. Resección e reconstrución de parede torácica e esterno.

Tema 39. Simpatectomía dorsal para tratamento de hiperhidroses e rubor facial.

Tema 40. Patoloxía diafragmática: técnicas de diagnóstico por imaxe.

Tema 41. Malformacións conxénitas do diafragma. Eventracións adquiridas do diafragma. Parálise frénica: diagnóstico e tratamento. Abordaxes cirúrxicas do diafragma. Plicatura diafragmática.

Tema 42. Patoloxía mediastínica: técnicas de diagnóstico por imaxe.

Tema 43. Mediastinites necrotizante aguda. Mediastinites crónica.

Tema 44. Manexo diagnóstico de tumores do mediastino. Patoloxía cística do mediastino. Tumores mediastínicos do tiroides e paratiroides. Bocio cervicomediastínic. Tumores xerminais. Tumores neuroxénicos. Linfoma e outros tumores do mediastino.

Tema 45. Tratamento cirúrxico dos tumores do mediastino. Cirurxía toracoscópica do mediastino.

Tema 46. Cirurxía da Miastenia gravis. Timectomías. Vías de abordaxe.

Tema 47. Alteracións motoras do esófago. Estenoses esofáxicas benignas.

Tema 48. Tumores esofáxicos benignos e malignos.

Tema 49. Avaliación e tratamento da hernia de hiato e refluxogastroesofáxico.

Tema 50. Manexo inicial do paciente politraumatizado. Reanimación cardiopulmonar. Indicacións de tratamento cirúrxico urxente.

Tema 51. Traumatismos da vía aérea.

Tema 52. Traumatismos torácicos pechados e penetrantes. Rotura traumática do diafragma.

Resolución do 12 de decembro de 2008, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se aproba a relación de postos que se ofrecen e se cita para o acto de elección de destino definitivo aos aspirantes que superaron o proceso selectivo convocado para o ingreso na clase de farmacéuticos inspectores de Saúde Pública.

O Decreto 202/2005, do 7 de xullo, crea a clase de farmacéuticos inspectores de saúde pública, dentro da escala de saúde pública e administración sanitaria regulada pola Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas do persoal sanitario ao servizo da comunidade autónoma.

De conformidade co establecido na disposición transitoria sexta do Decreto 202/2005, do 7 de xullo, antes citado, polo Decreto 237/2006, do 21 de decembro, apróbase a oferta de emprego público para o ano 2006 do persoal sanitario funcionario ao servizo da comunidade autónoma incluído no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro.

A Resolución do 22 de decembro de 2006, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, procede a convocar o primeiro concurso-oposición libre dos previstos nas disposicións transitorias primeira e segunda da Lei 17/1989, do 23 de outubro.

Rematado o devandito concurso-oposición, e de conformidade co establecido na disposición transitoria oitava do Decreto 202/2005, do 7 de xullo, debe procederse á convocatoria do concurso de traslados previsto na disposición transitoria quinta da Lei 17/1989, do 23 de outubro, en que terán dereito preferente os funcionarios de carreira que optaron voluntariamente por incorporarse aos postos de traballo resultantes da reestruturación sobre o persoal de novo ingreso da primeira oferta pública de emprego, que no devandito concurso terá a consideración de concursante forzoso.

Como queira que ningún dos funcionarios de carreira optou voluntariamente por incorporarse aos novos postos resultantes da reestruturación, non procede a convocatoria da primeira fase do devandito concurso, debendo, polo tanto, executarse a segunda fase tendente a adxudicar destino definitivo aos aspirantes que superaron o primeiro concurso-oposi-

ción, en atención á orde resultante do devandito concurso-oposición para que en único chamamento e acto, elixan obrigatoriamente destino definitivo.

Por todo isto, este centro directivo

ACORDA:

Primeiro.-Aprobar a relación de postos vacantes que se inclúen no anexo desta resolución que se ofertan na segunda fase do concurso de traslados previsto na disposición transitoria quinta da Lei 17/1989, do 23 de outubro aos aspirantes seleccionados no concurso-oposición convocado pola resolución da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do 22 de decembro de 2006, para o ingreso na clase de farmacéuticos inspectores de saúde pública.

Segundo.-Convocar a todos os aspirantes para que nun único chamamento e acto elixan obrigatoriamente destino definitivo, pola orde de puntuación final do respectivo concurso-oposición, que se celebrará o vindeiro día 16 de xaneiro de 2009, ás 12.00 horas, no salón de actos da Consellería de Sanidade, sita en San Lázaro s/n, en Santiago de Compostela.

Terceiro.-A solicitude será vinculante e irrenunciable. Os interesados deberán comparecer provistos do documento nacional de identidade ou doutro documento que concrete de modo fidedigno a súa personalidade. Os aspirantes que non comparezan persoalmente poderán ser representados por terceiras persoas provistas de poder suficiente.

Para este efecto terán a consideración de poder suficiente os poderes notariais ou os poderes outorgados con carácter previo ao acto de elección de destino ante a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde ou ante as delegacións provinciais da Consellería de Sanidade, mediante comparecencia expresa do poderdante e do apoderado.

Non obstante o disposto nos parágrafos anteriores, non estarán obrigados a elixir destino definitivo nesta fase do concurso, os funcionarios de novo ingreso que se atopen desempeñando un posto de traballo de libre designación a través da correspondente convocatoria pública, nin os que sendo tamén de novo ingreso, se atopen na situación de excedencia voluntaria prevista no artigo 57 do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2008.

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos
e Desenvolvemento Profesional

Radiofísica hospitalaria.

Membros titulares:

Presidente: Miguel Pombar Cameán.

Secretaria: María José Martínez Vázquez.

Vogais:

Javier Mosquera Sueiro.

Luis Ángel López Losada.

En representación das organizacións sindicais:

Ramón Lobato Busto.

Membros suplentes:

Presidente: Jesús Rey García.

Secretaria: Mar Díaz Terzado.

Vogais:

Julio García Comesaña.

Ana Clavería Fontán.

En representación das organizacións sindicais: José

Mª González Fernández.

Reumatoloxía.

Membros titulares:

Presidente: Francisco Javier de Toro Santos.

Secretaria: María Codesido López.

Vogais:

Amalia Sánchez-Andrade Fernández.

Juan Gómez Reino Carnota.

En representación das organizacións sindicais:

Genaro Graña Gil.

Membros suplentes:

Presidente: Benigno Galdo Fernández.

Secretario: José María de Lis Muñoz.

Vogais:

José Antonio Mosquera Martínez.

José Luis Guerra Vázquez.

En representación das organizacións sindicais: Anto-

nio Atanes Sandoval.

Traumatoloxía e cirurxía ortopédica.

Membros titulares:

Presidente: Roberto Ignacio Casal Moro.

Secretaria: Lourdes Buxaderas Juega.

Vogais:

Jesús Suárez Bustillo.

Luis Alberto Quevedo García.

En representación das organizacións sindicais:

Manuel Ramallal Molina.

Membros suplentes:

Presidente: Moisés Hernández Blanco.

Secretaria: Mª Teresa Yáñez Blanco.

Vogais:

Gonzalo Ramón Concheiro Barreiro.

Antonio Otero Fernández.

En representación das organizacións sindicais: Luis

García Rodríguez.

Uroloxía.

Membros titulares:

Presidente: Manuel Villar Núñez.

Secretario: Benigno Acea Nebril.

Vogais:

Juan Mata Varela.

Francisco José García Novio.

En representación das organizacións sindicais:

Javier Rodríguez-Rivera García.

Membros suplentes:

Presidente: Miguel Blanco Parra.

Secretario: Humberto Aymerich Cano.

Vogais:

Luis Mateo Cambón.

Alberto Barreiro Mouro.

En representación das organizacións sindicais: Luis

Álvarez Castelo.

Xeriatría.

Membros titulares:

Presidente: Carlos Rodríguez Pascual.

Secretaria: Margarita López Rouco.

Vogais:

Ana Isabel Martín Graczyk.

Eva María López Álvarez.

En representación das organizacións sindicais: Igna-

cio Jesús Garaigorta Eguren.

Membros suplentes:

Presidenta: María Teresa Olcoz Chiva.

Secretario: Miguel Ángel Fernández López.

Vogais:

Manuel Melero Brezo.

Francisco Javier Vidal López.

En representación das organizacións sindicais:

Casiano López Piñeiro.

Resolución do 24 de maio de 2007 pola que se lle dá publicidade ao dimensionamento do programa formativo das distintas especialidades para o proceso selectivo de persoal facultativo especialista de área do Servizo Galego de Saúde.

Polas resolucións da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 19 de decembro de 2006 (DOG nº 246, do 26 de decembro) e do 22 de decembro de 2006 (DOG nº 247, do 27 de decembro) convocouse un concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal facultativo do Servizo Galego de Saúde.

Dentro do marco de execución destes procesos selectivos, na mesa sectorial que tivo lugar o 13 de febreiro de 2007 acordouse a aprobación do Plan de provisión de postos de traballo dos facultativos especialistas dos hospitais do Servizo Galego de Saúde. Nesta mesma data a mesa sectorial acordou, así mesmo, a constitución dunha Comisión de Implantación e Seguimento do Plan de provisión. Esta comisión de seguimento foi constituída o 23 de febreiro de 2007 e acordou a creación dun grupo de traballo para consensuar un dimensionamento dos programas formati-

vos de cada especialidade que servise de guía para a preparación do exercicio da fase de oposición.

Como resultado dos labores realizados por este grupo de traballo e unha vez logrado o aval das correspondentes sociedades científicas das distintas especialidades e constituídos os tribunais cualificadores deste proceso, procédese a publicar o dimensionamento do programa formativo de cada especialidade que figura como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2007.

Antonio José Fernández Paniagua
Director Xeral da División de Recursos Humanos e
Desenvolvemento Profesional

ANEXO

Alergolóxía.

Parte específica:

1. Reaccións de hipersensibilidade.
2. Alérxenos. Alérxenos clinicamente relevantes en Galicia. Extractos alérxenos.
3. Probas cutáneas e outras exploracións in vivo con alérxenos.
4. Métodos de laboratorio en alerxia.
5. Probas funcionais respiratorias. Probas de provocación bronquial específica e inespecífica.
6. Rinite alérxica e non-alérxica. Polipose nasosinusal. Conxuntivite.
7. Asma bronquial. Etioloxía. Etiopatoxenia. Manifestacións clínicas. Clasificación e historia natural da asma. Diagnóstico. Tratamento.
8. Asma e situacións especiais.
9. Asma ocupacional.
10. Asperxilose broncopulmonar alérxica.
11. Urticaria e anxioedema.
12. Anxioedema hereditario.
13. Anafilaxia.
14. Dermatite alérxica de contacto.
15. Alerxia alimentaria.
16. Alerxia ao leite.
17. Alerxia ao ovo.
18. Alerxia ao marisco.
19. Alerxia a froitas e hortalizas.
20. Alerxia ao anisakis.
21. Alerxia ao veneno de himenópteros.
22. Alerxia ao látex.
23. Alerxia a antibióticos betalactámicos.
24. Reaccións adversas por AINES.
25. Reaccións adversas por anestésicos xerais e locais.

26. Inmunoterapia.

27. Tratamento das enfermidades alérxicas durante o embarazo.

Análises clínicas.

Parte específica:

1. Técnicas analíticas e instrumentación. Espectrofotometría e fotometría. Electroquímica. Electroforese. Cromatografía. Espectrometría de masas. Osmometría. Contadores de escintileo.

2. Bioestatística. Conceptos estatísticos. Intervalos de referencia. Eficacia diagnóstica. Selección e avaliación de métodos.

3. Garantía de calidade do laboratorio clínico. Control de calidade.

4. Avaliación da función renal. Fisioloxía renal. Probas de laboratorio e patróns analíticos de enfermidades renais.

5. Urianálise. Formación de ouriños. Componentes da análise de ouriños. Exame do sedimento. Métodos de análise dos ouriños.

6. Equilibrio hidroelectrolítico. Fisioloxía normal. Potasio: impo e hiperpotasemias. Sodio: impo e hipernatremias. Outras alteracións hidroelectrolíticas.

7. Estudo dos gases sanguíneos e do balance ácido-base. Definicións, equilibrio ácido-base. Avaliación da homeostase ácido-base. Oxíxeno e intercambio de gases. Determinacións analíticas.

8. Avaliación do metabolismo dos glúcidos. Funcións normais do páncreas endócrino. Diabetes mellitus: clasificación, fisiopatoloxía e criterios diagnósticos. Hipoglicemia. Papel do laboratorio no diagnóstico e seguimento de pacientes con alteracións metabólicas da glicosa.

9. Avaliación da función endócrina. Hipófise. Tiroide. Glándula suprarrenal. Eixe renina-aldosterona. Gonadotropinas e hormonas sexuais.

10. Laboratorio de androloxía e avaliación da fertilidade. Procedementos diagnósticos. Procedementos terapéuticos.

11. Estudo polo laboratorio do cancro. Neoplasia e regulación do crecemento. Aplicacións clínicas dos marcadores tumorais. Clasificación dos marcadores tumorais. Principais tipos de marcadores tumorais.

12. Estratexias para a utilización dos marcadores tumorais. Marcadores tumorais nos diferentes tipos de neoplasias.

13. Estudo polo laboratorio doutros líquidos biolóxicos: amniótico, cefalorraquídeo, pleural, pericárdico, ascítico, sinovial, saliva e suor.

14. Avaliación da función hepática. Función hepática normal. Principais hepatopatías. Avaliación da función hepática: bilirrubina, ácidos biliares, enzimas, proteínas totais, albumina, urea, outras probas.

15. Lípidos e lipoproteínas. Principais lípidos e lipoproteínas. Fisioloxía e metabolismo das lipopro-

teínas. Valores poboacionais. Principais alteracións. Análise de lípidos e lipoproteínas.

16. Proteínas plasmáticas. Características e funcións. Técnicas de separación. Métodos de análise.

17. Proteínas plasmáticas específicas. Proteinograma: patróns normais e patolóxicos.

18. Marcadores cardíacos. Diagnóstico de laboratorio do infarto agudo de miocardio. Marcadores de inflamación, coagulación e insuficiencia cardíaca.

19. Toxicoloxía. Técnicas básicas para a detección de drogas e fármacos en soro e ouriños. Drogas.

20. Monitorización do tratamento farmacolóxico. Principios xerais. Principais fármacos.

21. Visión xeral do sistema inmune e dos trastornos inmunolóxicos. Células linfoides. Células non linfoides. Factores humorais. Antíxenos de histocompatibilidade. Mecanismos de dano inmunolóxico. Aplicacións clínicas da análise inmunolóxica.

22. Enfermidades alérxicas. Mecanismos de hipersensibilidade inmediata. Avaliación do laboratorio das enfermidades alérxicas.

23. O sangue. Características xerais, métodos de extracción e anticoagulantes.

24. Métodos de recontos das células sanguíneas.

25. Reconto diferencial de leucocitos.

26. Métodos de laboratorio na avaliación das anemias.

27. Avaliación analítica da trombose e a hemostase.

Anatomía patolóxica.

Parte específica:

1. Tumores epidérmicos: carcinoma basocelular e carcinoma escamoso.

2. Tumores melanocíticos benignos e malignos.

3. Inflamación granulomatosa do pulmón.

4. Carcinoma broncoxénico.

5. Mesotelioma.

6. Tiroidite.

7. Tumores epiteliais da tiroide.

8. Carcinoma medular e outros tumores neuroendócrinos.

9. Esófago de Barret.

10. Enfermidade inflamatoria crónica intestinal.

11. Carcinoma gástrico.

12. GIST.

13. Carcinoma colorrectal.

14. Carcinoma de células renais.

15. Adenocarcinoma de próstata.

16. Tumor de células transicionais.

17. Hiperplasia glandular endometrial e adenocarcinoma de endometrio.

18. Tumores músculo liso miometrial.

19. Carcinoma ductal e lobulillar de mama.

20. Tumores do epitelio de superficie ovárica.

21. Enfermidade de Hodgkin.

22. Linfomas non Hodgkin B.

23. Linfomas non Hodgkin T.

24. Neoplasias gliais do sistema nervioso central.

25. Tumores nervio periférico.

26. Tumores de tecido adiposo.

27. Tumores formadores de óso.

28. Hepatites víricas.

29. Hepatocarcinoma.

30. Paragangliomas adrenais e extra adrenais.

Anestesiología e reanimación.

Parte específica:

1. Avaliación preoperatoria e factores de risco anestésico.

2. Manexo da vía aérea.

3. Reaccións alérxicas durante a anestesia. Alerxia ao látex.

4. Monitorización. Mínimos das sociedades científicas.

5. Anestésicos intravenosos. Opioides.

6. Anestésicos inhalatorios.

7. Bloqueantes neuromusculares.

8. Anestésicos locais.

9. Anestesia neuroaxial: intradural, epidural e caudal.

10. Anestesia rexional dos membros superior e inferior.

11. Hemostase e anestesiología. Manexo do paciente con trastornos da coagulación ou agregación plaquetario.

12. Ventilación mecánica. Circuitos anestésicos.

13. Anestesia para cirurxía do aparato dixestivo, cirurxía bariátrica e cirurxía laparoscópica.

14. Anestesia no paciente con hepatopatía.

15. Anestesia no paciente nefrópata e cirurxía urolóxica.

16. Anestesia no paciente con enfermidade endócrina.

17. Anestesia en obstetricia e na paciente xestante.

18. Anestesia en otorrinolaringoloxía.

19. Anestesia en oftalmoloxía.

20. Anestesia en cirurxía vascular.

21. Anestesia en cirurxía traumatolóxica e ortopédica.

22. Anestesia no paciente pediátrico.
 23. Anestesia en cirurxía cardíaca.
 24. Anestesia en neurocirurxía.
 25. Anestesia en cirurxía torácica.
 26. Anestesia ambulatoria.
 27. Anestesia fóra do quirófano.
 28. Manexo anestésico e valoración inicial do paciente politraumatizado.
 29. Farmacoloxía do control da dor postoperatoria e organización dun servizo de analxesia postoperatoria.
 30. Shock. Fisiopatoloxía. Diagnóstico diferencial e tratamento.
 31. Reanimación cardiopulmonar.
 32. Coidados postanestésicos.
Anxioloxía e cirurxía vascular.
- Parte específica:
1. Bases da valoración clínica.
 2. Ecografía arterial.
 3. Ecografía venosa.
 4. Principios de arteriografía.
 5. Anatomía das arterias abordadas con máis frecuencia.
 6. Isquemia aguda das extremidades.
 7. Tromboembolia arterial.
 8. Embolización ateromatosa.
 9. Evolución natural e tratamento non-cirúrxico da isquemia crónica da extremidade inferior.
 10. Valoración do paciente con isquemia crónica da extremidade inferior.
 11. Reconstrución directa da enfermidade oclusiva aortoiliaca.
 12. Derivación extranatómica.
 13. Derivación infrainguinal.
 14. Profundoplastia: aplicacións illadas e adxuvantes.
 15. Cirurxía endovascular no tratamento da isquemia crónica da extremidade inferior.
 16. Aneurismas aórticos abdominais e ilíacos.
 17. Tratamento endovascular dos aneurismas aórticos.
 18. Aneurismas aórticos toracoabdominais.
 19. Disección aórtica: perspectivas para o cirurxián vascular/endovascular.
 20. Estratexias dos accesos arteriovenosos para diálise.
 21. Tratamento da isquemia intestinal aguda por oclusión arterial.
 22. Isquemia mesentérica crónica.

23. Tratamento endovascular da enfermidade renovascular.
24. Reparación cirúrxica aberta da enfermidade renovascular.
25. Consideracións básicas nas enfermidades cerebrovasculares.
26. Indicacións, técnica cirúrxica e resultados da reparación das lesións oclusivas extracraniais.
27. Anxioplastia e colocación de endopróteses carotídeas.
28. Evolución clínica e diagnóstica do paciente con trombose venosa profunda.
29. Prevención e tratamento médico da trombose venosa profunda aguda.
30. Amputación da extremidade inferior: indicacións, avaliación do paciente e determinación do nivel.

Aparello dixestivo.

Parte específica:

1. Enfermidade do reflujo gastroesofáxico. Definición e epidemioloxía. Clínica. Tratamento. Metaplasma de Barrett, displasia e adenocarcinoma. Seguimento. Manifestacións extraesofáxicas.
2. Esofaxite por cáusticos. Definición. Diagnóstico. Clasificación das lesións. Manexo clínico.
3. Corpos estraños esofáxicos. Clasificación. Diagnóstico. Tratamento endoscópico. Complicacións.
4. Trastornos motores esofáxicos. Caracterización dos trastornos motores. Diagnóstico. Acalasia. Outros trastornos por hipermotilidade. Hipomotilidade esofáxica.
5. Tumores malignos do esófago. Carcinoma epidermoide esofáxico. Adenocarcinoma esofáxico.
6. Dispepsia. Definición. Epidemioloxía. Dispepsia non investigada. Dispepsia orgánica e funcional. Tratamento da dispepsia funcional.
7. Infección por *Helicobacter Pylori*. Epidemioloxía. Factores de virulencia. Infección aguda e crónica. Métodos diagnósticos. Tratamento.
8. Gastropatía por inxesta de AINEs. Epidemioloxía. Mecanismos lesionais. Factores de risco asociados ao desenvolvemento de complicacións por AINEs. Manifestacións clínicas. Tratamento. Prevención das lesións producidas por AINEs.
9. Enfermidade ulcerosa péptica. Epidemioloxía. Etioloxía e fisiopatoloxía da úlcera péptica. Características clínicas das úlceras pépticas non complicadas. Tratamento médico. Complicacións da úlcera péptica. Tratamento cirúrxico. Complicacións.
10. Hemorraxia dixestiva alta. Hemorraxia dixestiva alta non varicosa. Métodos de diagnóstico. Tratamento endoscópico. Manexo clínico do paciente con hemorraxia dixestiva. Indicacións de cirurxía.

11. Tumores gástricos malignos. Adenocarcinoma. Linfoma.

12. Diarrea aguda: causas. Manifestacións clínicas. Enterocolite pseudomembranosa.

13. Diarrea crónica. Algoritmo diagnóstico. Causas.

14. Malabsorción intestinal. Causas, manifestacións. Enfermidade celíaca; patoxenia, diagnóstico, tratamento, seguimento.

15. Síndrome do intestino irritable. Diagnóstico. Manifestacións. Posibilidades terapéuticas.

16. Colite ulcerosa. Patoxenia. Manifestacións intestinais e extraintestinais. Tratamento médico: tratamento do brote agudo, tratamento de mantemento, terapias biolóxicas, leucocitoaféreses. Indicacións de tratamento cirúrxico.

17. Enfermidade de Crohn. Patoxenia. Manifestacións. Enfermidade perianal. Tratamento, terapias biolóxicas. Indicacións de tratamento cirúrxico.

18. Estrinximento agudo. Causas. Diagnóstico e tratamento da pseudoobstrución intestinal.

19. Estrinximento crónico. Causas. Diagnóstico e manexo do estrinximento crónico idiopático.

20. Hemorraxia dixestiva baixa. Causas. Algoritmo diagnóstico. Abordaxe terapéutica.

21. Hemorraxia dixestiva de orixe escura. Algoritmo diagnóstico.

22. Lesións premalignas intestinais: Adenomas esporádicos, síndromes polipósicas. Diagnóstico. Manexo.

23. Cancro colorrectal. Factores de risco. Diagnóstico. Estratexias de cribado do cancro colorrectal.

24. Pancreatite aguda. Valoración da gravidade e primeiras medidas terapéuticas. Complicacións da pancreatite aguda. Valoración clínica, tratamento médico e alternativas cirúrxicas, endoscópicas e radiolóxicas. Algoritmo diagnóstico nas pancreatites agudas recorrentes non-litiásicas.

25. Pancreatite crónica. Etioloxía, posibilidades diagnósticas e terapéuticas.

26. Tumores malignos sólidos do páncreas. Diagnóstico e posibilidades terapéuticas.

27. Lesións quísticas do páncreas. Diagnóstico diferencial e tratamento.

28. Manexo terapéutico da litíase biliar complicada. Papel da CPRE, indicacións e alternativas cirúrxicas.

29. Hepatite viral. Hepatite aguda e hepatite crónica. Diagnóstico e tratamento.

30. Cirrose hepática. Etioloxía. Diagnóstico. Clínica. Complicacións e o seu tratamento.

31. Hepatite autoinmune. Aspectos clínicos. Diagnóstico e tratamento.

32. Carcinoma hepatocelular. Epidemioloxía. Etioloxía. Diagnóstico precoz. Manexo terapéutico.

33. Actitude diagnóstica e terapéutica ante lesións ocupantes de espazo hepáticas. Lesións quísticas hepáticas, parasitarias e non-parasitarias.

34. Enfoque diagnóstico das enfermidades hepáticas colestásicas. Cirrose biliar primaria. Colanxite esclerosante primaria.

35. Enfermidades hepáticas metabólicas. Enfermidade de Wilson. Hemocromatose.

36. Enfermidades vasculares do fígado. Clínica, diagnóstico e posibilidades terapéuticas.

37. Enfermidade hepática alcohólica. Hepatite aguda alcohólica. Posibilidades terapéuticas.

38. Diagnóstico e tratamento do fallo hepático fulminante.

39. Transplante hepático. Indicacións, complicacións precoces e tardías. Seguimento a longo prazo.

40. Procedementos diagnósticos e terapéuticos en patoloxía dixestiva, indicacións, interpretación dos resultados, complicacións. Endoscopia dixestiva alta. Endoscopia dixestiva baixa. CPRE. Cápsula endoscópica. Ecografía dixestiva. Ecoendoscopia. Manometría e phmetría esofáxica.

Cardioloxía.

Parte específica:

1. Historia clínica.

2. Exploración física.

3. Electrocardiograma.

4. Ergometría.

5. Ecocardiograma.

6. Cateterismo cardíaco.

7. Intervencións percutáneas coronarias e valvulares.

8. Hipertensión: mecanismos, diagnóstico e tratamento.

9. Dislipemia e enfermidade vascular.

10. Diabetes mellitus, síndrome metabólica e enfermidade vascular.

11. Prevención secundaria en pacientes con enfermidade cardiovascular.

12. Insuficiencia cardíaca: aspectos clínicos.

13. Insuficiencia cardíaca: tratamento.

14. Arritmias: diagnóstico.

15. Arritmias: manexo e tratamento.

16. Arritmias: marcapasos e DAI.

17. Arritmias específicas.

18. Morte súbita.

19. Síncope; diagnóstico e tratamento.

20. Infarto de miocardio con elevación do segmento ST: clínica, diagnóstico e tratamento.

21. Anxina inestable e infarto sen elevación do segmento ST.

22. Anxina estable.

23. Enfermidades da aorta.

24. Enfermidade valvular cardíaca: valvulopatía aórtica.

25. Enfermidade valvular cardíaca: valvulopatía mitral.

26. Enfermidade valvular cardíaca: outras valvulopatías.

27. Endocardite infecciosa.

28. Cardiomiopatías.

29. Enfermidades do pericardio.

30. Valoración do paciente cardiópata en cirurxía non-cardíaca.

Cirurxía cardiovascular.

Parte específica:

1. Principios xerais da circulación extracorpórea.

2. Protección miocárdica en cirurxía cardiovascular.

3. Hipotermia en cirurxía cardiovascular.

4. Persistencia do conduto arterioso.

5. Coartación aórtica.

6. Comunicación interauricular.

7. Comunicación interventricular.

8. Tetraloxía de Fallot.

9. Estenose mitral.

10. Insuficiencia mitral.

11. Estenose aórtica.

12. Insuficiencia aórtica.

13. Valvulopatía tricuspídea adquirida.

14. Endocardite bacteriana.

15. Conceptos xerais da cardiopatía isquémica.

16. Indicacións cirúrxicas na cardiopatía isquémica.

17. Aneurisma ventricular esquerdo.

18. Comunicación interventricular post infarto.

19. Insuficiencia mitral isquémica.

20. Rotura de parede libre ventricular.

21. Disección aguda da aorta.

22. Cirurxía da aorta ascendente.

23. Cirurxía do arco aórtico.

24. Traumatismo da aorta torácica.

25. Aneurisma da aorta torácica descendente.

26. Aneurisma torazo-abdominal.

27. Protección medular na cirurxía da aorta.

28. Protección cerebral na cirurxía da aorta.

29. Transplante cardíaco.

30. Métodos de asistencia circulatoria.

Cirurxía oral e maxilofacial.

Parte específica:

1. Embrioloxía bucal, cervical e facial. Anatomía de cabeza e pescozo. Esplacnoloxía, fisioloxía e histoloxía dos tecidos que comprenden as rexións da cara e o pescozo.

2. Semioloxía e propedéutica clínicas. Xeneralidades. Historia clínica. Exame bucal, facial e cervical. Exames complementarios. Microbioloxía aplicada. Citoloxía e histoloxía aplicadas.

3. Exploración radiolóxica facial.

4. Acto cirúrxico. Asepsia e antisepsia. Incisións. Hemostase. Suturas. Técnicas anestésicas.

5. Epidemioloxía, clínica e tratamento das inclusións dentarias. Infeccións cervicofaciais.

6. Quistes dos maxilares.

7. Traumatismos dentoalveolares. Traumatismos buco-faciais en partes brandas.

8. Traumatismos mandibulares, de maxilar superior e do complexo naso-etmoido orbitario. Traumatismos do terzo superior facial.

9. Complicacións e secuelas dos traumatismos dos ósos e partes brandas faciais.

10. Cirurxía preprotésica e implantes osteointegrados.

11. Patoloxía ganglionar cérvico-facial. Quistes de partes brandas buco-cervico-faciais.

12. Patoloxía da mucosa bucal. Trastornos mucocutáneos. Repercusión das enfermidades xerais na mucosa bucal e na cara.

13. Conceptos xerais sobre oclusión dentaria. Movimentos mandibulares, bruxismo, mastigación, funcións da cavidade oral. Fisiopatoloxía da articulación temporomandibular. Anomalías e deformidades. Síndrome de disfunción temporomandibular.

14. Patoloxía nerviosa cervicofacial motora. Síndromes dolorosas faciais.

15. Tumores benignos e malignos dos ósos faciais. Tumores odontoxénicos. Afeccións pseudotumorais dos maxilares.

16. Tumores benignos e malignos de cavidade nasal, seos paranasais e vías aerodixestivas superiores. Tumores da base do cranio.

17. Tumoracións e tumores benignos da cavidade bucal e dos tecidos brandos da cara.

18. Fisiopatoloxía das glándulas salivares. Métodos de estudo. Patoloxía inflamatoria e dexenerativa das glándulas salivares.

19. Tumores benignos e malignos das glándulas salivares.

20. Lesións precancerosas da mucosa bucal.

21. Tumores malignos da cavidade oral e de orofarinx.

22. Tumores malignos das partes brandas cervicofaciais. Tumores vasculares e nerviosos de cabeza e pescozo.

23. Baleirados ganglionais do pescozo.

24. Técnicas reconstructivas en cirurxía maxilofacial: 1. Enxertos libres e colgallos locais. 2. Colgallos pediculados. 3. Colgallos microcirúrxicos.

25. Radioterapia e quimioterapia. A súa relación coa cirurxía maxilofacial oncolóxica.

26. Cirurxía estética de cara.

27. Patoloxía da cavidade orbitaria: inflamatoria, malformativa e tumoral.

28. Malformacións cranio-faciais conxénitas. Tratamento multidisciplinar. Papel da ortodoncia.

29. Cirurxía ortognática: diagnósticos, planificación terapéutica e técnicas cirúrxicas.

30. Biomateriais en cirurxía maxilofacial.

Cirurxía pediátrica.

Parte específica:

1. Hernia e eventración diafragmáticas conxénitas.
2. Atresia esofáxica e malformacións traqueoesofáxicas.

3. Atresia e estenoses intestinais.

4. Malrotación.

5. Enterocolite necrosante.

6. Enfermidade de Hirschsprung.

7. Ano imperforado e malformacións cloacais.

8. Intususcepción.

9. Duplicación do tubo dixestivo.

10. Apendicite.

11. Gastrosquises e onfalocele.

12. Hernias umbilicais e outras da parede abdominal.

13. Hernias inguinais e hidroceles.

14. Testículos non descendidos e tumores testiculares.

15. Torsión testicular.

16. Obstrución e malformacións uretrais.

17. Infección de vías urinarias e refluxo vesicouretral.

18. Válvulas uretrais.

19. Hipospadias.

20. Neuroblastoma.

21. Hemanxíomas e linfanxíomas.

22. Xinecoloxía pediátrica.

23. Malformacións broncopulmonares.

24. Tumores de mediastino.

25. Refluxo gastroesofáxico.

26. Enfermidade mecomial.

27. Divertículo de Meckel.

28. Trastornos de vías biliares e hipertensión portal.

29. Circuncisión.

30. Neoplasias renais.

31. Rabdomyosarcoma.

32. Seos e masas de cabeza e pescozo.

Cirurxía plástica, estética e reparadora.

Parte específica:

1. Feridas e perdas de substancia. Principios básicos de tratamento: anestesia local e troncular, sutura, cicatrización dirixida, enxertos e colgallos.

2. Cicatrización normal e patolóxica. Tratamento das cicatrices hipertróficas e queleoides.

3. Colgallos cutáneos, fasciocutáneos e musculares. Clasificación e bases anatómicas. Colgallos libres microvasculares. Indicacións e zonas doadoras. Técnicas microcirúrxicas.

4. Expansión tisular. Indicacións e técnica cirúrxica.

5. Infeccións de partes brandas: hidradenite, abscesos, fascites necrotizantes e miosite. Diagnóstico e tratamento cirúrxico.

6. Anomalías cutáneo-vasculares: hemanxíomas e malformacións. Clasificación e tratamento.

7. Melanoma: etiopatoxenia, clínica, clasificación, diagnóstico, tratamento e pronóstico.

8. Carcinomas epidermoides e basaliomas: etiopatoxenia, clínica, clasificación, diagnóstico, tratamento e pronóstico.

9. Úlceras de presión en rexións sacra, isquiática e trocantérea. Clasificación. Tratamento cirúrxico: desbridamento e coberturas.

10. Traumatismos de partes blandas. Diagnóstico e tratamento cirúrxico.

11. Fracturas nasais, orbitarias, naso-etmoido-orbitarias, órbito-malares, cigomáticas, de maxilar superior, mandibulares e Lefort I, II e III: diagnóstico e tratamento cirúrxico.

12. Reconstrución do coiro cabeludo e a rexión frontal.

13. Cirurxía palpebral. Reconstrución da pálpebra inferior e superior. Tratamento cirúrxico da ptose palpebral, do ectropión e do entropión.

14. Cirurxía nasal. Reconstrución nasal. Rinoseptoplastia postraumática.

15. Reconstrución dos labios superior e inferior.
 16. Reconstrución auricular.
 17. Parálise facial. Técnicas de reanimación estática e dinámica.
 18. Reconstrución mamaria posmastectomía inmediata e diferida. Técnicas de cirurxía oncolóxica.
 19. Reconstrución da parede torácica.
 20. Fracturas de metacarpianos e falanxes. Diagnóstico e tratamento.
 21. Lesións de tendóns flexores e extensores e ligamentos. Diagnóstico e tratamento.
 22. Lesións agudas de nervios e síndrome compresivo nervioso de membro superior. Clínica, diagnóstico e tratamento.
 23. Cobertura das perdas de substancia da man.
 24. Tratamento da man catastrófica. Amputacións completas e incompletas: reimplante e revascularización.
 25. Reconstrución do polgar.
 26. Enfermidade de Dupuytren. Tratamento cirúrxico.
 27. Tratamento das enfermidades tenosinoviais da man. Cirurxía da man reumática.
 28. Tratamento cirúrxico da rizartrose.
 29. Tratamento das perdas de substancia na perna e no pé: cobertura con colgallos fasciocutáneos, musculares e libres.
 30. Osteomielite tibial. Técnicas de reconstrución.
 31. Fisiopatoloxía e clasificación das queimaduras. Reanimación do gran queimado. Curas e tratamento cirúrxico dos queimados.
 32. Queimaduras eléctricas e queimaduras químicas. Diagnóstico e tratamento.
 33. Tratamento das secuelas das queimaduras en cara, pescozo, tronco e extremidades.
- Cirurxía xeral e aparello dixestivo.
- Parte específica:
1. Síndrome de resposta inflamatoria sistémica.
 2. Antibioterapia profiláctica e terapéutica na cirurxía xeral.
 3. Peritonite e abscesos intraabdominais.
 4. Hernias da rexión inguinocrural.
 5. Eventración postoperatoria. Evisceración e peches difíciles.
 6. Tumores do esófago.
 7. Complicacións da resección esofáxica.
 8. Úlcera péptica.
 9. Tumores malignos do estómago: adenocarcinoma, linfoma e estromais.

10. Hemorragia dixestiva alta de orixe non varicosa.
 11. Íleo paralítico, oclusión intestinal, enterite rádica e hemorragia dixestiva baixa.
 12. Enfermidade inflamatoria do intestino delgado, do colon e do recto.
 13. Pólipos, polipose e cancro colorrectal.
 14. Enfermidade diverticular. Colite isquémica.
 15. Hemorroides, fisura anal, prurito anal e síndrome de dor anorrectal.
 16. Abscesos anorrectais. Fístula de ano.
 17. Metástases hepáticas.
 18. Patoloxía da vesícula biliar.
 19. Patoloxía da vía biliar principal.
 20. Pancreatite aguda.
 21. Pancreatite crónica e pseudoquistes pancreáticos.
 22. Adenocarcinoma de páncreas e da área periamпуляр.
 23. Nódulo tiroideo e bocio multinodular.
 24. Cancro de tiroide.
 25. Hiperparatiroidismo primario.
 26. Cribaxe mamaria. Métodos diagnósticos na patoloxía mamaria sintomática.
 27. Tratamento cirúrxico do cancro de mama.
 28. Cancro de mama: tratamento adxuvante, neoadxuvante e das metástases a distancia.
 29. Carcinoma *in situ*. Cancro de mama no varón. Carcinoma inflamatorio.
 30. Melanoma maligno cutáneo e ganglio sentinela. Dermatoloxía médica cirúrxica e venereolóxica.
- Parte específica:
1. Anatomía, histoloxía e fisioloxía da pel e anexos cutáneos. Semioloxía da pel. Lesións elementais clínicas e histolóxicas.
 2. Enfermidades da pel por arácnidos e insectos: sarna, pediculose, outras. Picaduras e mordedelas.
 3. Enfermidades da pel por protozoos: leishmaniasis. Outras zoonoses.
 4. Enfermidades da pel por dermatofitos. Tiñas, as súas variedades, diagnóstico e tratamento. Candidiasis cutáneo-mucosas. Pitiríase versicolor.
 5. Infeccións bacterianas da pel: impetixe. Ectima. Erisipela. Síndrome da escaldadura estafilocócica. Síndrome do shock tóxico. Infeccións do folículo pilosebáceo. Infeccións cutáneas necrotizantes. Infeccións por pseudomonas. Nacida. Manifestacións cutáneas das sepses.
 6. Infeccións por micobacterias. Tuberculose, lepra. Infeccións por micobacterias atípicas.

7. Enfermidades de transmisión sexual. Sífilis. Gonococia. Uretrite non gonocócica. Chancro brando. Linfogranuloma venéreo.

8. Herpes simple. Varíola e herpes zóster.

9. Enfermidades cutáneas producidas por virus. Epidermodisplasia verruciforme. Molluscum contagiosum. Nódulo do muxidor. ORF. Herpanxina. Enfermidade man-pé-boca. Acrodermatite, papulosa: manifestacións cutáneas producidas por Rickettsias.

10. Infección por VIH. Manifestacións cutáneas.

11. Enfermidades cutáneas producidas por axentes físicos: mecánicos, térmicos e químicos. Radiodermite.

12. Fotodermatoses.

13. Lique plano, erupcións liquenoides.

14. Eritema transpirante multiforme. Necrolise epidérmica tóxica Pitiríase rosada de Gibert. Síndrome de Sweet. Síndrome de Behçet.

15. Eccema, concepto e clasificación. Dermate alérxica e irritativa de contacto. Dermate atópica. Outras erupcións ecematosas.

16. Urticaria e anxioedema.

17. Psoríase.

18. Ictioses e outras dermatoses ictiosiformes. Queratodermias palmo-plantares.

19. Enfermidade de Darier. Enfermidade de Hailey-Hailey. Poroqueratose. Elastose perforante serpiginoza. Enfermidade de Grover. Pitiríase rubra pilaris.

20. Epidermolises ampulosas. Neurofibromatose. Esclerose tuberosa. Síndrome de Ehlers-Danlos. Pseudoxantoma elástico. Mosaicismo e lesións lineais.

21. Pénfigo. Penfigoide ampuloso. Herpes gestationis. Dermate herpetiforme. Dermate IgA lineal. Dermate ampulosa crónica infantil. Epidermolises ampulosa adquirida.

22. Lupus eritematoso. Esclerodermia. Dermatomiosites.

23. Vasculites. Dermate eosinofílicas. Paniculites.

24. Mastocitoses. Sarcoidose. Granulomas necrobióticos.

25. Reaccións cutáneas a medicamentos.

26. Porfirias. Manifestacións cutáneas da diabetes. Outras endocrinopatías. Hirsutismo. Manifestacións cutáneas das hiperlipoproteinemias. Amiloidose. Mucínose. Alteracións do metabolismo do cinc. Pella-gra.

27. Alteracións da pigmentación. Patoloxía ungueal. Patoloxía das glándulas sudoríparas.

28. Acnes e as súas variedades. Alopecias.

29. Tumores benignos epidérmicos, anexiais, conxuntivos e vasculares. Malformacións vasculares.

30. Precancro cutáneo-mucoso. Carcinomas basocelulares. Carcinomas espinocelulares.

31. Outros tumores malignos. Anxiosarcoma. Anxiosarcoma de Kaposi. Dermatofibrosarcoma protuberans. Tumor de Merckel. Carcinoma sudoríparo. Enfermidade de Paget. Metástases cutáneas.

32. Tumores melanocíticos, clasificación. Formas benignas. Melanoma.

33. Histiocitose. Dermatoses paraneoplásticas.

34. Linfomas cutáneos.

35. Terapéutica dermatolóxica, tópica, sistémica e física. Fototerapia, fotoquimioterapia. Láser. Terapia fotodinámica. Radioterapia. Criocirurxía. Electrocirurxía. Dermabrasión. Cirurxía de Mohs. Enxertos e colgallos.

Endocrinoloxía e nutrición.

Parte específica:

1. Masas hipofisarias: efecto masa; adenomas hipofisarios; outras masas paraselares; avaliación das masas hipofisarias; manexo das masas hipofisarias.

2. Hiperprolactinemia.

3. Gonadotropinas. Tumores hipofisarios clinicamente non funcionantes.

4. Acromegalia.

5. Insuficiencia hipofisaria.

6. Diabete insípida.

7. Siadh.

8. Tirotoxicose.

9. Hipotiroidismo e tiroidite.

10. Bocio non tóxico e neoplasias de tiroide.

11. Exceso de glucocorticoides.

12. Deficiencia de glucocorticoides.

13. Hiperplasia adrenal conxénita.

14. Feocromocitoma. Hiperaldosteronismo primario.

15. Hipercalcemia.

16. Hipocalcemia.

17. Diabete tipo 2: epidemioloxía. Criterios diagnósticos. Screening.

18. Diabete tipo 1.

19. Retinopatía diabética.

20. Nefropatía diabética.

21. Neuropatía diabética.

22. Cardiopatía diabética.

23. Diabete mellitus e embarazo.

24. Hipoglicemia.

25. Obesidade.

26. Hiperlipemias: definición. Hiperlipemias primarias. Hiperlipemias secundarias. Tratamento.

27. Trastornos da puberdade. Puberdade atrasada. Puberdade precoz.

28. Causas endócrinas de talle baixo. Tratamento do atraso do crecemento.

29. Nutrición enteral.

30. Nutrición parenteral.

Farmacia hospitalaria.

Parte específica:

1. Planificación e organización dun servizo de farmacia. Obxectivos e funcións. Organización dun servizo de farmacia hospitalario.

2. Xestión clínica da farmacoterapia I: selección de medicamentos. Comisión de farmacia e terapéutica. Guía farmacoterapéutica. Informes técnicos para a avaliación de medicamentos.

3. Xestión clínica da farmacoterapia II: intercambio terapéutico.

4. Xestión clínica da farmacoterapia III: terapia secuencial.

5. Uso racional dos antibióticos no hospital. Política de antibióticos.

6. Investigación e ensaios clínicos. Características dos ensaios clínicos. Aspectos legais e éticos. Xestión de medicamentos en fase de investigación clínica.

7. Dispensa e distribución de medicamentos en doses unitarias. Xustificación. Descrición de procesos de implantación dun SDMDU. Indicadores de actividade e de calidade.

8. Dispensa por reposición de stock. Tipos. Control de boticas de primeiros auxilios. Sistemas automatizados de dispensa.

9. Dispensa II: medicamentos de especial control. Estupefacientes. Medicamentos de uso restrinxido. Medicamentos estranxeiros. Uso compasivo. Medicamentos de especial control médico.

10. Farmacotecnia I: formas farmacéuticas non estériles.

